

ANEXO IV: PATRIMONIO CULTURAL

1. INTRODUCCIÓN

Desde o punto de vista do Patrimonio Cultural, aparecen na contorna do ámbito da obra elementos do patrimonio arqueolóxico (Castros Eira dos Mouros), catalogado no PXOM de Silleda como solo rústico de protección para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico, con número de ficha 30.55 e identificación de ficha de patrimonio GA36052042, actuando nunha zona cun grao II,2 de protección.

A obra delimitase ao dominio público da estrada provincial, actuando só a nivel superficial, mellorando a contorna mediante a pavimentación do firme existente nun viario completamente consolidado no municipio de Silleda, polo que non se prevén afeccións ao patrimonio.

Con todo, no presente anexo valóranse os impactos e propóñense, no seu caso, as medidas correctoras.

2. LEXISLACIÓN E NORMATIVA

Para a redacción do presente Proxecto tívoise en conta, entre outras, a seguinte lexislación e normativa:

- Planeamento Xeral de Ordenación Municipal de Silleda.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do chan de Galicia.

3. ANÁLISE DA AFECCIÓN DA ACTUACIÓN SOBRE OS ELEMENTOS PATRIMONIAIS DA CONTORNA

O solo no que se sitúan as actuacións a executar clasifícase no PXOM de Silleda como Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (futura ampliación do viario).

A maiores, parte das actuacións das obras proxéctanse nas proximidades do Castro Eira dos Mouros, zona protexida por interese patrimonial, artístico ou histórico.

As actuacións a executar nesta zona consisten en renovar o pavimento de aglomerado existente na actualidade, así como a execución de cunetas de formigón para mellorar a drenaxe superficial da estrada, rematando as actuacións coa correspondente sinalización horizontal con pintura acrílica en base acuosa.

A maiores, executarase un muro de mampostería de 23 metros de lonxitude para o sostemento da plataforma da estrada, solucionando así o desprendemento de terras existente na actualidade na marxe esquerda do P.K. 4+730, eliminando desta forma o perigo de producirse desprendementos de terreo futuros.

Por todo o devandito, aínda que NON se alteran os elementos protexidos e prevese que as actuacións do proxecto non se consideren como prohibidas, tendo en conta o grao de cautela, solicitarase Informe da Comisión Territorial de Patrimonio.

4. IMPACTOS E MEDIDAS CORRECTORAS

A actuación de mellorar a seguridade viaria do tramo de estrada que contempla o proxecto realízase co obxectivo, entre outros, de mellorar os accesos ao Castro Eira dos Mouros, debido a que na actualidade a estrada que serve de acceso ao castro conta cun ancho reducido, un firme moi deteriorado, e problemas de drenaxe superficial.

Debido ao indicado anteriormente, é necesario ensanchar un metro o viario existente, conseguindo así un ancho de plataforma que permita cruzarse a dous vehículos sen perigo ningún, así como estender unha capa de aglomerado asfáltico para solucionar o mal estado do firme actual, executar cunetas de formigón para recoller superficialmente a auga, e realizar un muro de mampostería de 23 metros de lonxitude para o sostemento da plataforma da estrada.

Os materiais a empregar son materiais existentes na zona de actuación na actualidade, xa que a estrada está aglomerada con mestura bituminosa, existen cunetas de formigón nalgúns tramos da estrada, e o muro de mampostería a executar colocarse pegado a un muro de mampostería xa existente, prologando devandito muro 23 metros máis, para conter as terras de forma segura.

Aínda así, aínda que a actuación non afecta o elemento patrimonial, tomaranse as seguintes medidas:

Localización da parcela do Castro Eira dos Mouros dentro dos planos de obra, prohibindo o emprego da mesma para provisión ou almacenamento de materiais, residuos ou maquinaria de obra.